

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004484	CEIP Plurilingüe da Laxe	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	2º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

A presente programación didáctica da área de C. Sociais, está pensada para poñerse en práctica durante o curso escolar 2023-24, vai destinada para un grupo de alumnos e alumnas de 2º curso da etapa de Educación Primaria (7 e 8 anos). Coa finalidade de ofrecer aprendizaxes significativas e proporcionar unha educación adaptada, esixente, integral e de calidade.

Este documento, entendido como un instrumento aberto e flexible, servirá para concretar un plan de actuación e guiar así o proceso de ensinanza- aprendizaxe.

Cabe salientar a importancia da área de C. Naturais pois ten como obxecto que as nenas e nenos cheguen a ser persoas activas, responsables e respectuosas co mundo en que viven, adquirindo os coñecementos esenciais e os principios básicos do medio natural para que poidan construír un mundo máis solidario, xusto, igualitario e responsable.

Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en catro bloques temáticos:

Bloque 1: Cultura científica.

Bloque 2: A vida no noso planeta.

Bloque 3: Materia, forzas e enerxía.

Bloque 4: Tecnoloxía e dixitalización.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	COMO É O NOSO CORPO? APRENDEMOS A COIDARNOS.	Ao longo da unidade o alumnado coñecerá os cambios do corpo a través do tempo, así como a identificar e coñecer as funcións máis importantes do noso corpo. Traballaremos tamén as funcións vitais do ser humano e os órganos implicados, xunto cos hábitos saudables do benestar emocional e social.	40	30	X		
2	ONDE HAI VIDA? OS ANIMAIS E AS PLANTAS.	Nesta unidade acercarase ó alumnado o seu medio natural máis próximo para coñecer de primeira man as adaptacións dos seres vivos ao seu hábitat, fomentando o respecto e o coidado cara os seres vivos e o medio no que viven. Coñeceremos as características dos animais e das plantas para a súa identificación e clasificación por parte do alumnado. Ademais, traballarase o coidado do medio no que viven, fomentando actitudes de respecto cara eles.	30	20		X	
3	DE QUE ESTÁ FEITO? AS MÁQUINAS.	Durante esta unidade acercarase ao alumnado ao mundo da materia e dos materiais, coñecendo as súas propiedades e a súa orixe. Ademais, experimentarase coas substancias puras e as mesturas para coñecer de primeira man as súas características, así como coa luz e co son como formas de enerxía presentes na vida cotiá.	30	20			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	DE QUE ESTÁ FEITO? AS MÁQUINAS.	Ademais observaranse as máquinas e aparellos do entorno do alumnado para coñecer os seus compoñentes básicos. Por outra banda, experimentarase e observaranse os efectos das forzas en estruturas sinxelas.	30	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	COMO É O NOSO CORPO? APRENDEMOS A COIDARNOS.	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións sinxelas a través da observación.		
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA2.3 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Recoñecer hábitos de vida saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso axeitado.	TI	100
CA2.4 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer as principais partes do corpo.		
CA2.5 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social, recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Identificar emocións propias e as dos demais.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Explicar o resultado do seu proxecto coa axuda dun guión.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades. - Recoñecemento dos cambios do corpo a través do tempo. As etapas da vida. - Observación, identificación e función das principais partes do corpo. Ósos, articulacións e músculos. - Introducción das funcións de relación, reprodución e nutrición como funcións vitais. Principais órganos implicados. - Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: estratexias de identificación das propias emocións e respecto polas dos demais. Sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. Educación afectivo-sexual. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe - Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional - Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación. - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
2	ONDE HAI VIDA? OS ANIMAIS E AS PLANTAS.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións sinxelas a través da observación.	TI	100
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características e a organización dos seres vivos do seu entorno, diferenciándoos dos seres inertes.		
CA2.2 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto cara á natureza.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Explicar o resultado do seu proxecto coa axuda dun guión.		
CA4.4 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Realizar programacións a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.

Contidos

- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- As adaptacións dos seres vivos ao seu hábitat, concibido como o lugar no que cobren as súas necesidades.
- Observación dun animal ou dunha planta, no seu medio natural ou reproducindo o medio no centro educativo.
- Clasificación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables.
- Importancia no coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna na que viven, evitando a degradación do chan, do aire ou da auga.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe
- Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación.
- Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguros.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional
- Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación.
- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa...).
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
3	DE QUE ESTÁ FEITO? AS MÁQUINAS.	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións sinxelas a través da observación.	TI	100
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA3.2 - Recoñecer a través de pequenas investigacións o comportamento da luz e do son ante diferentes corpos.	Recoñecer o comportamento da luz e do son ante diferentes corpos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Identificar o uso de máquinas e aparellos na súa vida cotiá.		
CA3.4 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Amosar hábitos de vida sustentable, tomando conciencia do impacto das súas accións sobre o medio natural.		
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as propiedades características dos materiais que forman os obxectos da súa vida cotiá.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Realizar programacións a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Identificación da materia e das súas propiedades. - Propiedades observables dos materiais, a súa orixe e o seu uso en obxectos da vida cotiá de acordo coas necesidades de deseño para os que foron fabricados. - As substancias puras e as mesturas: distinguir e separar mesturas heteroxéneas mediante distintos medios a través da experimentación. - A luz e o son como formas de enerxía presentes na vida cotiá. - Observación e identificación de máquinas e aparellos da súa contorna.

Contidos

- Estruturas resistentes, estables e útiles. Experimentación e observación dos efectos das forzas sobre estruturas construídas con materiais de uso común na aula.
- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe
- Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.
- Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional
- Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación.
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Predominarán estilos de ensino cognoscitivos, onde o alumnado é o protagonista do proceso.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos humanos
Recursos materiais: Tecnolóxicos e dixitais
Recursos ambientais

Realizaremos unha adecuada selección e organización dos recursos e materiais, tendo en conta que sexan variados, motivadores, próximos ao alumno/a, que favorezan a autonomía e que atendan á diversidade. Nas sesións empregaranse os seguintes recursos:

-Recursos humanos: Co profesorado que imparte docencia no grupo, coordinareime para establecer liñas de traballo comúns. Disporei do foco de retroalimentación que me aporta o departamento de orientación. Intentando que as

familias se impliquen o máximo no proceso educativo dos seus fillos.

-Recursos materiais: Destaco os seguintes:

* Material específico da área: libros, fichas, cadernos.

* Materiais didácticos: lapis de cores, tesoiras, cola, cartolinas, fotografías...

* Material informático e audiovisual: proxector, ordenador, tabletas.

* Material non convencional: do entorno; ou de reciclaxe, sen ser manipulados (periódicos, caixas ...) ou elaborados.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso (4 sesións).

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Naturais.

Para obter dita información , podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual...

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	40	30	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

Para cualificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos...

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

Durante o primeiro ciclo da etapa non vemos precisa a utilización de probas escritas para cualificar ao alumnado.

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtiva na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

O grupo para o que vai dirixida a programación, conta con alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) e ademais é un aula con estilos e ritmos de aprendizaxe moi diferentes polo que para dar resposta as súas necesidades individuais, traballarase desde a parcela ordinaria, coas seguintes medidas propostas a continuación:

-Medidas didácticas: Alternar actividades para eliminar a fatiga que lles poidan provocar a lectura ou a escritura; comprobar sempre que os alumnos e alumnas comprenden o material escrito co que van traballar, explicándollo verbalmente; favorecer o acceso e o uso da informática pois é un elemento motivador para as súas tarefas de aprendizaxe.

O clima da aula favorecerá a autoestima e a seguridade, reforzando os seus logros persoais e fomentando actitudes positivas. Educarase en autonomía, evitando a sobreprotección. Empregarase unha linguaxe sinxela e clara na explicación das actividades. Acompañarase en determinados momentos a linguaxe verbal con imaxes visuais.

-Medidas organizativas: cabe destacar a localización do alumnado na aula, a iluminación e a sonoridade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X

Observacións:

Existe un conxunto de contidos que interactúan en tódalas áreas do currículo escolar, afectando á globalidade do mesmo. Como docente, abordareinos de xeito transversal na área, pois o seu tratamento contribúe tanto ao desenvolvemento integral do neno/a como á formación dun sistema de valores demandados pola sociedade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visitas diversas relacionadas co proxecto de centro e outras que sexan de interese. Excursión de Fin de curso.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos.	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller?	X	X	X

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

Realizaranse todas as saídas propostas e aprobadas na PXA do centro ademais de aquelas que vaian aparecendo e sexan interesantes para o alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da programación.
Coherencia entre os obxectivos e os contidos.
Temporalización.
Procedementos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Actividades adecuadas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organización dos recursos materiais.
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Motivación do alumnado.

Descrición:

Non só avaliarei ó alumnado, tamén avaliarei a programación didáctica e a miña práctica docente, co fin de aportar calidade ó proceso e melloralo. Para iso, empregarei indicadores de logro, tendo en conta, entre outros aspectos: se as actividades foron motivadoras, a atención á diversidade foi correcta, a progresión dos contidos adecuada, os recursos resultaron variados, ou se a avaliación é útil e proporciona información relevante.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

-O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004484	CEIP Plurilingüe da Laxe	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	2º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	14

1. Introducción

A presente programación didáctica da área de C. Sociais, está pensada para poñerse en práctica durante o curso escolar 2023-24, vai destinada para un grupo de alumnos e alumnas de 2º curso da etapa de Educación Primaria (7 e 8 anos). Coa finalidade de ofrecer aprendizaxes significativas e proporcionar unha educación adaptada, esixente, integral e de calidade.

Este documento, entendido como un instrumento aberto e flexible, servirá para concretar un plan de actuación e guiar así o proceso de ensinanza- aprendizaxe.

Cabe salientar a importancia da área de C. Sociais pois ten como obxecto que as nenas e nenos logren un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Ademais baseándonos nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en catro bloques temáticos:

Bloque 1: Ciencia e tecnoloxía.

Bloque 2: O mundo e o desenvolvemento sostible.

Bloque 3: Vivir en sociedade.

Bloque 4: Leccións do pasado.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3	2	4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Terra e o universo. O aire. O medioambiente	<p>Nesta UD trataremos os principais elementos do Universo e a relación co noso planeta, os fenómenos atmosféricos ou os cambios que se producen ao longo das catro estacións.</p> <p>Traballaremos aspectos relacionados con levar un estilo de vida sustentable e aprenderemoslle ao alumnado a evitar a contaminación atmosférica.</p> <p>Traballaremos a responsabilidade ecosocial, como a necesidade de aplicar a regra das 3 grandes R. Desenvolveremos tamén as orientacións espaciais básicas a través dun plano.</p>	40	45	X		
2	A miña familia. Hai traballos de homes e traballos de mulleres?	Analizaremos ás familias do noso alumnado, a través da biografía familiar e a árbore xenealóxica.	30	30		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	A miña familia. Hai traballos de homes e traballos de mulleres?	Trataremos os contidos relacionados cos diferentes sectores económicos e as profesións desde unha perspectiva de xénero, centrándonos especialmente nas profesións relacionadas coas tecnoloxías. Veremos tamén nesta UD os diferentes medios de transporte, distinguindo entre os de persoas e os de mercadorías.	30	30		X	
3	Vivimos nunha sociedade. Investigamos sobre a historia local	Traballaremos o concello e os seus servizos, a identidade e diversidade cultural ou a seguridade vial. Analizaremos as expresións e producións artísticas locais máis destacadas así como o uso de diferentes obxectos da vida cotiá para reflexionar sobre os cambios e a continuidade.	30	30			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Terra e o universo. O aire. O medioambiente	45

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información e utilízala en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participar en experimentos pautados ou guiados.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet. - A Terra no universo. Elementos, movementos e dinámicas relacionados coa Terra e o universo e as súas consecuencias na vida diaria e na contorna. Secuencias temporais e cambios estacionais. - Fenómenos atmosféricos. Observación, reflexión e rexistro de datos atmosféricos. Comprobación do observado nos diferentes medios de comunicación. - Orientacións espaciais, nocións básicas para que lle permitan orientarse nun debuxo, nun plano ou en maquetas simples da contorna máis próxima. - Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, mellora e uso sustentable dos bens comúns. - Hábitos de vida sustentable. O aire como elemento imprescindible para a vida. A contaminación atmosférica - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas básicas nos desprazamentos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. - Medios de transporte máis comúns na contorna, recoñecendo os máis adecuados para as persoas e/ou mercadorías. - As expresións e producións artísticas a través do tempo. O patrimonio material e inmaterial local. Coidado e conservación.

UD	Título da UD	Duración
2	A miña familia. Hai traballos de homes e traballos de mulleres?	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos ou recursos dixitais.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participa en experimentos guiados e pautados.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Tipos de profesións presentes na contorna próxima e relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía, desde unha perspectiva de xénero: similitudes, diferenzas e ferramentas que empregan. - Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet. - Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, mellora e uso sustentable dos bens comúns. - Identidade e diversidade cultural: existencia de realidades diferentes e aproximación ás distintas etnoculturas presentes na contorna. A convivencia cos demais e o rexeitamento ás actitudes discriminatorias. Cultura de paz e non violencia. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias. - O ciclo vital e as relacións interxeracionais. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. Toma de conciencia do paso do tempo ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
3	Vivimos nunha sociedade. Investigamos sobre a historia local	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participar en experimentos pautados ou guiados.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna,		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet. - Fenómenos atmosféricos. Observación, reflexión e rexistro de datos atmosféricos. Comprobación do observado nos diferentes medios de comunicación. - Orientacións espaciais, nocións básicas para que lle permitan orientarse nun debuxo, nun plano ou en maquetas simples da contorna máis próxima. - Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, mellora e uso sustentable dos bens comúns. - Identidade e diversidade cultural: existencia de realidades diferentes e aproximación ás distintas etnoculturas presentes na contorna. A convivencia cos demais e o rexeitamento ás actitudes discriminatorias. Cultura de paz e non violencia. - A localidade e o seu goberno. O concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía. A pertenza a grupos sociais da localidade: deportivos, recreativos, culturais.

Contidos

- A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos da contorna entendidos como bens comúns e compartidos. Formas e modos de interacción social en espazos públicos desde unha perspectiva de xénero.
- Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias.
- As expresións e producións artísticas a través do tempo. O patrimonio material e inmaterial local. Coidado e conservación.
- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos humanos
Recursos materiais: Tecnolóxicos e dixitais
Recursos ambientais

Realizaremos unha adecuada selección e organización dos recursos e materiais, tendo en conta que sexan variados, motivadores, próximos ao alumno/a, que favorezan a autonomía e que atendan á diversidade. Nas sesións empregaranse os seguintes recursos:

-Recursos humanos: Co profesorado que imparte docencia no grupo, coordinareime para establecer liñas de traballo comúns. Disporei do foco de retroalimentación que me aporta o departamento de orientación. Intentando que as familias se impliquen o máximo no proceso educativo dos seus fillos.

-Recursos materiais: Destaco os seguintes:

* Material específico da área: libros, fichas, cadernos.

* Materiais didácticos: lapis de cores, tesoiras, cola, cartolinas, fotografías...

* Material informático e audiovisual: proxector, ordenador, tabletas.

* Material non convencional: do entorno; ou de reciclaxe, sen ser manipulados (periódicos, caixas ...) ou elaborados.

-Recursos ambientais: O espazo por excelencia é a aula. Destaco zonas diferenciadas como pode ser a biblioteca (busca de información) ou o patio (actividades o aire libre).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso (4 sesións). Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais. Para obter dita información , podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual... A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino aprendizaxe ás caracterísitcas do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	40	30	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

Para cualificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos...

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

Durante o primeiro ciclo da etapa non vemos precisa a utilización de probas escritas para cualificar ao alumnado.

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha cualificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade. Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe. O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

O grupo para o que vai dirixida a programación, conta con alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) e ademais é un aula con estilos e ritmos de aprendizaxe moi diferentes polo que para dar resposta as súas necesidades individuais, traballarase desde a parcela ordinaria, coas seguintes medidas propostas a continuación:

-Medidas didácticas: Alternar actividades para eliminar a fatiga que lles poidan provocar a lectura ou a escritura (actividades de concentración combinadas con actividades motrices); comprobar sempre que os alumnos e alumnas comprenden o material escrito co que van traballar, explicándollos verbalmente; favorecer o acceso e o uso da informática pois son de gran axuda para a corrección ortográfica ademais de ser un elemento motivador para as súas tarefas de aprendizaxe. O clima da aula favorecerá a autoestima e a seguridade, reforzando os seus logros persoais e fomentando actitudes positivas. Educarase en autonomía, evitando a sobreprotección. Empregarase unha linguaxe sinxela e clara na explicación das actividades. Acompañarase en determinados momentos a linguaxe verbal con imaxes visuais.

-Medidas organizativas: cabe destacar a localización do alumnado na aula, a iluminación e a sonoridade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual e competencia dixital	X	X	X
ET.3 - Creatividade e emprendemento.	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.5 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X
ET.6 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sustentable	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.7 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X
ET.8 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.	X	X	X
ET.9 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visitas diversas relacionadas co proxecto de centro e outras que sexan de interese. Excursión de Fin de curso.	X	X	X
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos.	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, Día Internacional da Muller...	X	X	X

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

Realizaranse todas as saídas propostas e aprobadas na PXA do centro ademais de aquelas que vaian aparecendo e sexan interesantes para o alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da programación.

Coherencia entre os obxectivos e os contidos.
Actividades adecuadas.
Temporalización.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organización dos recursos materiais.
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Motivación do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Procedementos de avaliación.

Descrición:

Non só avaliarei ó alumnado, tamén avaliarei a programación didáctica e a miña práctica docente, co fin de aportar calidade ó proceso e melloralo. Para iso, empregarei indicadores de logro, tendo en conta, entre outros aspectos: se as actividades foron motivadoras, a atención á diversidade foi correcta, a progresión dos contidos adecuada, os recursos resultaron variados, ou se a avaliación é útil e proporciona información relevante.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas ao longo dos tres trimestres.

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 1º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004484	CEIP Plurilingüe da Laxe	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	2º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

1. Introducción

A programación didáctica é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino aprendizaxe do alumnado dende a Educación Infantil ata a Educación Primaria.

Atopámonos nun Centro de Educación Infantil e Primaria dunha única liña e xornada continua, cun total de oito unidades, dúas de educación infantil e seis de educación primaria, enmarcado nun contexto rural-urbano de costa.

O CEIP plurilingüe da Laxe está sito na localidade de Marín. Situado na zona do Morrazo dentro da provincia de Pontevedra, recostada sobre a ría de Pontevedra. Contamos con servizo de comedor escolar para as familias que o precisen.

En canto ás instalacións e dependencias, o centro dispón dun único edificio con aulas de educación infantil, educación primaria, departamento de orientación, despachos dos órganos unipersoais, sala de mestres, aula de pedagogía terapéutica, aula de audición e linguaxe, biblioteca de centro, aula de música, aulas de inglés, aula de relixión católica, aula de relixión evanxélica, aula de psicomotricidade, aula multisensorial, aula de informática, varios aseos, salón de actos e aula de plástica. O recinto escolar conta con patios de recreo exteriores, un patio con parque infantil, ademais dun pavillón con vestiarios para realizar as clases de educación física.

Preto do centro está a biblioteca pública, a alameda, a praza, diferentes parques infantís e dous institutos de educación secundaria obrigatoria, un deles ao que estamos adscritos.

O CEIP da Laxe conta cun total de 110 alumnos/as matriculados no curso académico 2023/2024, o tempo de duración das diferentes sesións é de 50 minutos, dedicándolle 30 minutos ao tempo de lecer.

En canto ao profesorado, o centro conta con persoal docente e non docente. O persoal docente está formado por dúas mestras de educación infantil (unha delas tamén directora do centro), seis mestres de educación primaria, un especialista de pedagogía terapéutica, un especialista en audición e linguaxe (compartida), unha especialista de inglés, unha especialista en lingua francesa, un especialista en educación física, unha especialista en música, unha mestra de relixión evanxélica compartida con tres centros máis e unha mestra de relixión católica compartida cun centro e o orientador. O persoal non docente está formado pola conserxe, a coidadora e a auxiliar de conversa.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, recentemente modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, regula no capítulo terceiro do seu título preliminar a definición de currículo e enumera os elementos que o integran, e tamén establece que o currículo deberá estar orientado a facilitar o desenvolvemento educativo do alumnado, garantindo a súa formación integral, contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e preparandoo para o exercicio pleno dos dereitos humanos e dunha cidadanía activa e democrática na sociedade actual, sen que en ningún caso poida supoñer unha barreira que xere abandono escolar ou impida o acceso e o exercicio do dereito á educación.

Así mesmo, coas modificacións introducidas pola citada Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, realízase unha nova distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, e establécese que, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos títulos correspondentes, o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación e os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Esas ensinanzas mínimas requirirán o 50 por cento dos horarios escolares para as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial, como é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia. As administracións educativas, pola súa vez, serán as responsables de establecer o currículo correspondente para o seu ámbito territorial, do cal formarán parte os aspectos básicos antes mencionados.

Finalmente, corresponderá aos propios centros docentes desenvolver e completar, de ser o caso, o currículo de cada etapa e ciclo no uso da súa autonomía, tal como se recolle na propia lei.

Por outra banda, con relación á educación primaria, a nova redacción da lei modifica algúns aspectos da ordenación e da organización das ensinanzas desa etapa.

En desenvolvemento do anterior, o Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación primaria, aprobou e concretou a nivel estatal as ensinanzas mínimas para a educación primaria e determinou os aspectos básicos do currículo, así como outros aspectos da súa ordenación, tales como a avaliación e a promoción, a atención ás diferenzas individuais, a autonomía dos centros e os documentos e informes de avaliación.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída no artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, competencia plena sobre a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución española e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do artigo 81 desta, o desenvolvan e das facultades que atribúe ao Estado o número 30 do punto 1 do artigo 149 da Constitución española, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e a súa garantía.

Neste contexto, este decreto ten por obxecto establecer a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no

Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación primaria.

A Educación Física na etapa da educación primaria prepara o alumnado para afrontar unha serie de retos fundamentais que pasan pola adopción dun estilo de vida activo, o coñecemento da propia corporalidade, o achegamento a manifestacións culturais de carácter motor, a integración de actitudes ecosocialmente responsables ou o desenvolvemento de todos os procesos de toma de decisión que interveñen na resolución de situacións motrices. Estes elementos contribúen a que o alumnado sexa motrizmente competente, o que facilita o seu desenvolvemento integral, posto que a motricidade constitúe un elemento esencial e indisoluble da propia aprendizaxe.

As competencias establecidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico, na súa adecuación á etapa de educación primaria, xunto cos obxectivos xerais da etapa, concretaron o marco de actuación para definir os obxectivos da área. Este elemento curricular convértese no referente que se debe seguir para lle dar forma a unha área que se pretende desenvolver de xeito que sexa máis competencial, máis actual e máis aliñada coas necesidades da cidadanía para afrontar os retos e os desafíos do século XXI.

Os obxectivos da área de Educación Física na etapa de educación primaria recollen e sintetizan estes retos, abordando a motricidade de forma máis estruturada para lles dar continuidade aos logros e aos avances experimentados polo alumnado antes da súa escolarización obrigatoria. O descubrimento e a exploración da corporalidade, esenciais para as actuacións que se desenvolven desde o enfoque da psicomotricidade, dará paso a un tratamento máis preciso e en profundidade do corpo, que pretenderá sentar as bases para a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos na etapa de educación secundaria obrigatoria para, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida.

A motricidade, desde a integración dos compoñentes do esquema corporal, desenvolverase no seo de prácticas motrices con diferentes lóxicas internas, con obxectivos variados e en contextos de certeza e incerteza. A resolución de situacións motrices en diferentes espazos permitiralle ao alumnado afrontar a práctica motriz con distintas finalidades: lúdica e recreativa, agonística, funcional, social, expresiva e comunicativa, creativa, catártica ou de interacción co medio urbano e natural.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices a que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo-motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa. Isto contribuirá a manter e a enriquecer un espazo compartido de carácter verdadeiramente intercultural nun mundo cada vez máis globalizado.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

O grao de desenvolvemento e a consecución dos diferentes obxectivos da área será avaliado a través dos criterios que constitúen o referente para levar a cabo este proceso. A relación existente entre os criterios de avaliación e os contidos permitirá integrar e contextualizar a avaliación no seo das situacións de aprendizaxe ao longo da etapa.

Os criterios de avaliación e os contidos da área de Educación Física organízanse en seis bloques, que se deberán desenvolver en distintos contextos coa intención de xerar situacións de aprendizaxe variadas.

Pola influencia vital do movemento na aprendizaxe, recoméndase o desenvolvemento de distintas situacións de aprendizaxe que incorporen o movemento como recurso, así como enfoques e proxectos interdisciplinares na medida en que sexa posible. Estas situacións integrarán procesos orientados á adquisición das competencias e deberán enfocarse desde diferentes bloques, evitando centrarse nun de maneira exclusiva e, simultaneamente, desde a articulación con elementos plurais como as diferentes opcións metodolóxicas de carácter participativo, os modelos pedagóxicos, o tipo e a intención das actividades expostas ou a organización dos grupos. Será igualmente importante ter en conta a regulación dos procesos comunicativos, o desenvolvemento das relacións interpersoais e da autoestima, a conversión de espazos e materiais en oportunidades de aprendizaxe e a transferencia do coñecemento adquirido a outros contextos sociais próximos que permitan comprobar o valor do aprendido, aspecto este último clave para unha sociedade xusta e equitativa.

Todos estes procesos deben establecerse en función da interrelación dos contidos, do docente, do alumnado e do contexto en que se aplican, pero sobre todo cómpre ter claro por que e para que se utilizan.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Meu corpo, os sentidos e a súa expresión.	Traballo do corpo, os sentidos e expresividade.	20	15	X		
2	Orientámonos no espazo-tempo.	Traballo da orientación do corpo no espazo e no tempo.	15	10	X		
3	Somos equilibristas.	Traballo dos equilibrios estáticos e dinámicos.	15	10		X	
4	Relaxámonos.	Traballo da relaxación do corpo individualmente e por parellas.	15	10		X	
5	Xogamos con material de reciclaxe e alternativo	Traballo de autoconstrución de material e actividades motrices diferentes.	20	15			X
6	Xogamos a xogos tradicionais.	Traballo de diferentes xogos populares e tradicionais propios e do mundo.	15	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Meu corpo, os sentidos e a súa expresión.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Recoñecer a importancia de establecer metas claras á hora de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Recoñece a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos. Con axuda.	TI	100
CA2.4 - Recoñecer a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Recoñece a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos. Con axuda.		
CA2.5 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adopta decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias. Con axuda.		
CA2.6 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubre, recoñece e emprega os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal. Con axuda.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Participa activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica. Con axuda.		
CA3.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubre, recoñece e emprega os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal. Con axuda.		
CA3.4 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Participa activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica. Con axuda.		
CA3.5 - Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.	Adapta os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos. Con axuda.		
CA4.5 - Coñecer e valorar os logros de distintos referentes do deporte de ambos os xéneros, recoñecendo o esforzo, a dedicación e os sacrificios requiridos para alcanzar os devanditos éxitos.	Coñece e valora os logros de distintos referentes do deporte de ambos os xéneros, recoñecendo o esforzo, a dedicación e os sacrificios requiridos para alcanzar os devanditos éxitos. Con axuda.		
CA5.1 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Participa activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica. Con axuda.		
CA5.3 - Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.	Adapta os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos. Con axuda.		
CA6.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explora as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural. Con axuda.		
CA6.3 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adopta decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias. Con axuda.		
CA6.4 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubre, recoñece e emprega os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal. Con axuda.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none">- Saúde física:- Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo.- Alimentación saudable e hidratación.- Educación postural en situacións cotiás.- Coidado do corpo: a hixiene persoal e o descanso tras a actividade física.- Saúde social:- A actividade física como práctica social saudable.- Dereitos dos nenos e das nenas no deporte escolar.- Respecto cara a todas as persoas con independencia das súas características persoais.- Saúde mental:- Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.- Benestar persoal e na contorna a través da motricidade.- Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental).- Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos.- Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal.- Planificación e autorregulación de proxectos motores sinxelos: obxectivos ou metas.- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma.- Esquema corporal:- Conciencia corporal.- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos externos e internos.- Xestión emocional: estratexias de identificación, experimentación e manifestación de emocións, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.- Respecto das regras de xogo.- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas como manifestación da propia cultura.- Usos comunicativos da corporalidade: xestos, acenos, posturas e outros.- Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento.- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.

UD	Título da UD	Duración
2	Orientámonos no espazo-tempo.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explora as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural. Con axuda.	TI	100
CA2.6 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubre, recoñece e emprega os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal. Con axuda.		
CA2.7 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Participa activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica. Con axuda.		
CA3.5 - Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.	Adapta os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos. Con axuda.		
CA4.5 - Coñecer e valorar os logros de distintos referentes do deporte de ambos os xéneros, recoñecendo o esforzo, a dedicación e os sacrificios requiridos para alcanzar os devanditos éxitos.	Coñece e valora os logros de distintos referentes do deporte de ambos os xéneros, recoñecendo o esforzo, a dedicación e os sacrificios requiridos para alcanzar os devanditos éxitos. Con axuda.		
CA5.1 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Participa activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica. Con axuda.		
CA5.3 - Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.	Adapta os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos. Con axuda.		
CA6.3 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adopta decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias. Con axuda.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Saúde física:
- Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo.
- Alimentación saudable e hidratación.
- Educación postural en situacións cotiás.
- Coidado do corpo: a hixiene persoal e o descanso tras a actividade física.
- Saúde social:
- A actividade física como práctica social saudable.
- Dereitos dos nenos e das nenas no deporte escolar.
- Respecto cara a todas as persoas con independencia das súas características persoais.
- Saúde mental:
- Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.
- Benestar persoal e na contorna a través da motricidade.
- Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental).
- Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver.
- Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal.
- Planificación e autorregulación de proxectos motores sinxelos: obxectivos ou metas.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma.
- Toma de decisións en situacións motrices diversas:
- Axuste da acción á localización do adversario en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
- Esquema corporal:
- Lateralidade e a súa proxección no espazo.
- Percepción espazo-temporal. Nocións básicas (arriba-abaixo, encima-debaixo, diante-detrás, preto-lonxe, dentro-fóra, esquerda-dereita) para orientarse no espazo.
- Respecto das regras de xogo.
- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.
- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas como manifestación da propia cultura.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo.
- Normas de uso da vía pública: educación viaria para peóns. Mobilidade segura, saudable e sustentable.
- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.

UD	Título da UD	Duración
3	Somos equilibristas.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Recoñecer a importancia de establecer metas claras á hora de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Recoñece a importancia de establecer metas claras á hora de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos. Con axuda.	TI	100
CA2.4 - Recoñecer a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Recoñece a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos. Con axuda.		
CA2.5 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adopta decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias. Con axuda.		
CA3.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubre, recoñece e emprega os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal. Con axuda.		
CA4.6 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	Participa en actividades lúdico-recreativas de forma segura na contorna natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas. Con axuda.		
CA5.3 - Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.	Adapta os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos, Con axuda.		
CA6.3 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adopta decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias. Con axuda.		
CA6.4 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubre, recoñece e emprega os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal. Con axuda.		

CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Participa nas actividades planificadas pola biblioteca de aula.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Revisa os textos de elaboración propias tendo como axuda as autoinstrucións traballadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A diversidade etnocultural e lingüística na contorna escolar, familiar e social. - Procesos: comprensión lectora - Lectura compartida con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo. - Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Estratexias básicas de comprensión lectora, en voz alta e en silencio, e produción de textos sinxelos, adaptados ao nivel que estimulen o seu interese pola lectura. - Valoración da lectura de textos como medio para ampliar o vocabulario, progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel. - Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade. - Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel. - Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.

Contidos

- Procesos: produción escrita
- Estratexias para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a organización e a comprensión do texto.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais, valorando a súa importancia como fonte de lecer e gozo persoal.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados, prestando especial atención ás relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando estratexias elementais,
- Estratexias e técnicas básicas de recoñecemento da intención comunicativa.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
5	Club de lectura	22

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.	TI	100
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Produce, con planificación acompañada e con cohesión e coherencia, textos orais con diferentes intencións comunicativas.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quenda, participación respectuosa e normas básicas de cortesía.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.	Fai predicións sobre o tema principal a partir do título, ilustracións dun texto e das palabras clave.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Utiliza unha linguaxe non discriminatoria.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Iníciase na utilización das novas tecnoloxías, de forma acompañada, para a localización e selección da información de distintos anuncios publicitarios.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diversas fontes.	Constrúe a súa identidade lectora seleccionando textos do seu interese e de diversas fontes.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Participa en lecturas compartidas propostas pola biblioteca de aula.		
CA5.5 - Reproducir, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	Participa activamente nas dramatizacións.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Progresa na adquisición de vocabulario relacionando o significado entre unhas palabras e outras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación da información xeral do texto. - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero - Procesos: produción oral - Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais breves e sinxelos utilizando recursos non verbais elementais. - Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos. - Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas. - Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Procesos: comprensión lectora - Lectura compartida con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.

Contidos

- Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas de comprensión lectora, en voz alta e en silencio, e produción de textos sinxelos, adaptados ao nivel que estimulen o seu interese pola lectura.
- Valoración da lectura de textos como medio para ampliar o vocabulario, progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
- Produción de textos sinxelos, con coherencia e coidado e caligrafía clara na presentación, relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.
- Recoñecemento da autoría dos textos de forma acompañada.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais, valorando a súa importancia como fonte de lecer e gozo persoal.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados, prestando especial atención ás relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando estratexias elementais,
- Estratexias e técnicas básicas de recoñecemento da intención comunicativa.

Contidos
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
6	Artistas de banda deseada.	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Utiliza unha linguaxe non discriminatoria.	TI	100
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	Emprega unha linguaxe non sexista.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Iníciase na utilización das novas tecnoloxías, de forma acompañada, para a localización e selección da información de distintos anuncios publicitarios.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Disfruta escoitando textos de diferentes autores e autoras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos: comprensión oral - Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes. - Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos. - Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

Contidos

- Procesos: produción oral
- Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais breves e sinxelos utilizando recursos non verbais elementais.
- Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.
- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas.
- Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura compartida con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas de comprensión lectora, en voz alta e en silencio, e produción de textos sinxelos, adaptados ao nivel que estimulen o seu interese pola lectura.
- Valoración da lectura de textos como medio para ampliar o vocabulario, progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
- Produción de textos sinxelos, con coherencia e coidado e caligrafía clara na presentación, relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais, valorando a súa importancia como fonte de lecer e gozo persoal.

Contidos

- Relación dos textos lidos da literatura infantil con outras manifestacións artísticas e culturais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía que guiará a práctica educativa parte dos principios pedagóxicos que ofrece o D. 155/2022 e todo o marco legal. Orientacións que toman como base as teorías do enfoque constructivista, baseadas nunha metodoloxía global, activa, que potencia aprendizaxes significativas nas que o alumno estableza vínculos entre os contidos novos e as estruturas de coñecemento existentes.

O proceso de ensinanza- aprendizaxe estará inmerso nunha aprendizaxe participativa na que o alumno asume o rol de escoitar activamente, opinar, preguntar, decidir, buscar e expresar as súas ideas e actitudes. Propiciando así situacións de diálogo, que favorezan a comunicación na aula, poñendo os docentes en situacións de defender as súas ideas e de mostrar os seus aprendizaxes pero tamén de respectar e aprender das ideas e opinións dos seus compañeiros e compañeiras.

O papel do docente como guía é fundamental, facilitando as aprendizaxes e creando un clima seguro e motivador, á par de buscar dar resposta á diversidade. Así, a través dunha aprendizaxe cooperativa, potenciarase a inclusión e a interactividade do alumno/a. O cal, será o verdadeiro protagonista da súa propia aprendizaxe, favorecendo a autonomía e a capacidade de aprender a aprender, onde o erro sexa concibido como fonte de aprendizaxe. Este método de traballo potencia unha aprendizaxe interdisciplinaria, na que as relacións entre as diferentes áreas e os contidos xogan un papel importante para acadar así unha visión e comprensión global do mundo que nos rodea.

En canto ás actividades de ensinanza-aprendizaxe deberán ser motivadoras, baseadas nos coñecementos previos, facendo posible a aprendizaxe por descubrimento, provocando o conflito cognoscitivo, facilitando autonomía e a experimentación.

Para poder atender a diversidade do alumnado e a aprendizaxe de contidos os agrupamentos serán diversos e variarán segundo a actividade que esteamos a facer en cada momento, posibilitando tanto a interacción entre o alumnado coma o traballo individualizado de cada neno e nena.

- Traballo individual: Actividades que requiran concentración, fomentando a autonomía.
- Por parellas: Traballando en colaboración cun compañeiro/a.
- Pequeno grupo: Aprendendo a través da interacción e cooperación cos demais.
- Gran grupo: actividades colectivas de grupo clase: asemblea, dinámicas grupais...

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Vídeos
Pizarra dixital
Selección de recursos na rede adaptados aos contidos e a idade
Libros de lectura
Xogos con diversos contidos didácticos

Realizaremos unha adecuada selección e organización dos recursos e materiais, tendo en conta que sexan variados, motivadores, próximos ao alumno/a, que favorezan a autonomía e que atendan á diversidade. Nas sesións empregaranse os seguintes recursos:

-Recursos humanos: Co profesorado que imparte docencia no grupo, coordinareime para establecer liñas de traballo comúns. Disporei do foco de retroalimentación que me aporta do departamento de orientación. Intentando que as familias se impliquen o máximo no proceso educativo dos seus fillos.

-Recursos materiais: Destaco os seguintes:

Material específico da área: libros, fichas, cadernos.

Materiais didácticos: lapis de cores, tesoiras, cola, cartolinas, fotografías...

Material informático e audiovisual: proxector, ordenador, tabletas.

Material non convencional: do entorno; ou de reciclaxe, sen ser manipulados (periódicos, caixas) ou elaborados.

- Recursos ambientais: O espazo por excelencia é a aula. Destaco zonas diferenciadas como pode ser a biblioteca (busca de información) ou o patio (actividades o aire libre).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial terá lugar ao longo do mes de setembro e recollerá información sobre:

- As características do alumno/a, os seus intereses, peculiaridades a través de xogos de preguntas, cuestionarios, reunión pais/nais ou titores/as legais ou titores do pasado curso.

- Informes do DO se fose o caso en relación ao alumnado con NEAE. Reunións co profesorado especialista en AL, PT, Xefe/a do DO.

- Avaliar a competencia curricular nas diferentes áreas (competencia lingüística e competencia matemática) a través de diferentes probas escritas e orais.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	18	18	18	18	14	14	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que o valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

A nota da avaliación será a media aritmética do resultado das unidades didácticas traballadas en cada trimestre que se cualificarán de acordo cos criterios de avaliación fixados para cada unha delas.

Criterios de recuperación:

Cando un alumno/a non alcance o nivel suficiente na área teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.

b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno/a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planificaranse actividades individuais de traballo.

c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planificaranse actividades individuais de traballo nas que o alumno demostre que supera ditos contidos.

d) Para obter unha calificación positiva teranse en conta:

- O nivel de coñecementos.

- O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.

6. Medidas de atención á diversidade

Esta programación docente, como 3º nivel de concreción curricular, é dicir, nivel que delimita o que facer co alumnado ó que nos diriximos, está adaptada á diversidade de ritmos de aprendizaxe, características, motivacións, dando resposta ás distintas necesidades individuais. Así, a programación é aberta e flexible, onde se deseñan acción e medidas xerais dirixidas a axustar a intervención educativa.

Cao finalidade de que todo o alumnado poida alcanzar os obxectivos propostos e a adquisición das competencias clave propónse unha metodoloxía activa, con actividades que se poidan realizar con diferente grado de dificultade ou modificación do tempo, e cunha selección e organización de recursos, espazos e materiais que permitan traballar de forma individualizada. Implicándonos ademais na elaboración propia de materiais.

Xa nos preámbulos da LOE, da LOMCE e agora da LOMLOE, concíbese a atención á diversidade como un principio fundamental que rexerá toda a ensinanza básica, co obxectivo de garantir unha educación inclusiva e de calidade. Co fin de ofrecer unha resposta adecuada ás necesidades dos alumnos/as, destaco tamén a importancia do apoio que me aporta o Departamento de Orientación, o resto de docentes que imparten no grupo e a familia, establecendo liñas de acción comúns.

O grupo para o que vai dirixida a programación, conta con alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) e ademais é un aula con estilos e ritmos de aprendizaxe moi diferentes polo que para dar resposta as súas necesidades individuais, traballarase desde a parcela ordinaria, coas seguintes medidas propostas a continuación:

-Medidas didácticas: Alternar actividades para eliminar a fatiga que lles poidan provocar a lectura ou a escritura (actividades de concentración combinadas con actividades motrices); comprobar sempre que os alumnos e alumnas comprenden o material escrito co que van traballar, explicándollo verbalmente; favorecer o acceso e o uso da informática pois son de gran axuda para a corrección ortográfica ademais de ser un elementos motivador para as súas tarefas de aprendizaxe.

O clima da aula favorecerá a autoestima e a seguridade, reforzando os seus logros persoais e fomentando actitudes positivas. Educarase en autonomía, evitando a sobreprotección. Empregarase unha linguaxe sinxela e clara na explicación das actividades. Acompañarase en determinados momentos a linguaxe verbal con imaxes visuais.

-Medidas organizativas: cabe destacar a localización do alumnado na aula, a iluminación e a sonoridade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora, expresión oral, escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual, TIC.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Espírito emprendedor.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación Cívica e constitucional.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade de trato e non Discriminación.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre ambos Sexos.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Resolución de Conflictos, e non violencia e Paz.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Existe un conxunto de contidos que interactúan en tódalas áreas do currículo escolar, afectando á globalidade do mesmo. Como docente, abordaranse de xeito transversal na área, pois o seu tratamento contribúe tanto ao desenvolvemento integral do neno/a como á formación dun sistema de valores demandados pola sociedade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Inicio de curso	Acollida ao alumnado introducíndoos na temática do PDI.	X		
Samaín-Magosto	Obradoiro de cabazas e degustación de castañas.	X		
Día Internacional contra a Violencia de Xénero	Pendente de concreción	X		
Día Internacional das persoas con discapacidade	Pendente de concreción	X		
Nadal	Pendente de concreción	X		
Día escolar da non violencia e da Paz	Pendente de concreción		X	
Día da radio	Pendente de concreción		X	
Entroido	Pendente de concreción		X	
Día Internacional da Muller	Pendente de concreción		X	
Día da Poesía	Pendente de concreción		X	
Semana das Letras Galegas	Pendente de concreción			X
Día do Medio Ambiente	Pendente de concreción			X
Festa de Fin de Curso	Pendente de concreción			X
Excursión Fin de Curso	Pendente de concreción			X

Observacións:

Ademáis das actividades citadas, o Equipo de actividades complementarias e extraescolares colaborará con todos os equipos de dinamización naquelas actividades que requiran unha organización conxunta ou nas que se lle solicite axuda.

*Quedan pendentes de concreción outra serie de actividades complementarias e extraescolares que no presente curso estarán estreitamente relacionadas co PDI do centro "MarabillArte".

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos dos meus alumnos.

Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos, os seus ritmos de aprendizaxes, as posibilidades de atención, etc, e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensino-aprendizaxe (motivación, contidos, actividades, ...).
Metodoloxía empregada
Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa para realizar, dos recursos para utilizar..., controlando sempre que o adecuado clima de traballo.
Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos.
Medidas de atención á diversidade
Propoño aos meus alumnos distintas actividades (de diagnóstico, de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de recuperación, de ampliación e de avaliación).
Reviso e corrixo frecuentemente os contidos, actividades propostas - dentro e fóse da aula, adecuación dos tempos, agrupamentos e materiais utilizados.
Clima de traballo na aula
Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos e acepto as súas suxerencias e achegas, tanto para a organización das clases como para as actividades de aprendizaxe.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordínome con outros profesionais (profesores de apoio, Equipos de Orientación Educativa e Psicopedagóxica, Departamentos de Orientación), para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos e aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.

Descrición:

Non só se avaliará ó alumnado, tamén se avaliará a programación didáctica e a práctica docente, co fin de aportar calidade ó proceso e melloralo. Para iso, empregaranse indicadores de logro, tendo en conta, entre outros aspectos: se as actividades foron motivadoras, a atención á diversidade foi correcta, a progresión dos contidos adecuada, os recursos resultaron variados, ou se a avaliación é útil e proporciona información relevante.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A revisión realizarase trimestralmente e sempre con datos realistas. Esta revisión realizarana os tiores do nivel segundo aos seus resultados reais de avaliación. Deste xeito, os tiores realizarán a revisión da programación e unha vez analizada por estes, remitirase á Xefatura de Estudos, que a elevará á Comisión de Coordinación Pedagóxica na que se producirá unha revisión e análise das mesmas a nivel de centro.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004484	CEIP Plurilingüe da Laxe	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	2º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	23

1. Introducción

A presente programación didáctica da área de Lingua Castelá, está pensada para poñerse en práctica durante o curso escolar 2023-24, vai destinada para un grupo de alumnos e alumnas de 2º curso da etapa de Educación Primaria (7 e 8 anos). Coa finalidade de ofrecer aprendizaxes significativas e proporcionar unha educación adaptada, esixente, integral e de calidade.

Este documento, entendido como un instrumento aberto e flexible, servirá para concretar un plan de actuación e guiar así o proceso de ensinanza- aprendizaxe.

Cabe salientar a importancia da área de Lingua Castelá pois ten como obxecto contribuír ao desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado, achegándolle os recursos necesarios para integrarse e participar de forma activa na sociedade na que vive.

Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en seis bloques temáticos:

Bloque 1: A lingua e os seus falantes.

Bloque 2: Comunicación oral.

Bloque 3: Comunicación escrita.

Bloque 4: Alfabetización mediática e informacional.

Bloque 5: Educación literaria.

Bloque 6: Reflexións sobre a lingua e os seus usos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A cociñar!	Expresión oral: conversamos sobre os nosos gustos e preferencias alimentarias. Comprensión lectora: identifica os ingredientes e comprende a elaboración dunha receita. Vocabulario: as estacións. Lectoescritura: consolidación da lectoescritura. Gramática: Uso das maiúsculas. Literatura: características dos contos tradicionais.	18	24	X		
2	Chegou o Nadal.	Expresión oral: expresamos os nosos gustos e preferencias sobre a decoración navideña. Comprensión lectora: comprende o sentido global dun conto navideño e identifica os seus personaxes. Vocabulario: elementos decorativos. Lectoescritura: consolidación lectoescritura. Gramática: a frase e a oración. Literatura: as lendas e as súas características.	18	24	X		
3	Xogando tamén se aprende.	Expresión oral: consensuamos as normas de diversos xogos tradicionais. Comprensión lectora: comprendemos as instrucións dos xogos. Vocabulario: os xogos tradicionais. Lectoescritura: consolidación da lectoescritura. Gramática: o substantivo e as súas clases. Literatura: características das fábulas. A moralexa.	18	24		X	
4	Tradicións.	Expresión oral: conversamos sobre as tradicións na celebración do entroido. Comprensión lectora: A poesía. Vocabulario: diminutivos e aumentativos. Lectoescritura: consolidación da lectoescritura. Gramática: Os artigos determinados e indeterminados. A concordancia entre os artigos e substantivos. Literatura: A rima asoante e consoante.	18	24		X	
5	Club de lectura	Expresión oral: intercambiamos opinións sobre a nosa experiencia lectora Comprensión lectora: Identificamos as ideas principais dos textos informativos. Vocabulario: os sinónimos e os antónimos Lectoescritura: consolidación da lectoescritura Gramática: o adxectivo	14	22			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Club de lectura	Literatura: os textos informativos	14	22			X
6	Artistas de banda deseada.	Expresión oral: participamos na invención de diálogos. Comprensión lectora: comprendemos o significado das viñetas dun cómic. Vocabulario: as onomatopeias. Lectoescritura: consolidación lectoescritura. Gramática: o verbo. Presente, pasado e futuro. Literatura: os cómics.	14	22			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A cociñar!	24

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluídas unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	100
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para unha mellor comunicación oral.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais e distintos soportes para a procura da información.	Expón a información recollida sobre os beneficios que obtemos coidando o medio ambiente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses.	Utiliza a biblioteca de aula e de centro , de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses e como fonte de lecer.		
CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Le , de maneira acompañada, textos literarios sinxelos e variados de diferentes autores e autoras adecuados aos seus intereses.		
CA5.7 - Interpretar obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas) e recoñecéndoa como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Interpreta adiviñas e pequenos refráns traballados na aula.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Relaciona o aprendido nunha lingua con outra.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Procesos: produción oral - Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais breves e sinxelos utilizando recursos non verbais elementais. - Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos. - Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas. - Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Contexto - Estratexias para a coherencia textual. - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) no acto comunicativo. - Procesos: comprensión lectora - Lectura compartida con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo. - Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Estratexias básicas de comprensión lectora, en voz alta e en silencio, e produción de textos sinxelos, adaptados ao nivel que estimulen o seu interese pola lectura. - Valoración da lectura de textos como medio para ampliar o vocabulario, progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.

Contidos

- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de distintas fontes.
- Modelos explícitos para reelaborar de forma acompañada a información.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses.
- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais, valorando a súa importancia como fonte de lecer e gozo persoal.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida das obras (contos, lendas e adiviñas) a través de conversacións dirixidas, valorando a diversidade cultural.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados, prestando especial atención ás relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando estratexias elementais,
- Estratexias e técnicas básicas de recoñecemento da intención comunicativa.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
2	Chegou o Nadal.	24

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.	Valora a riqueza lingüística da lingua na súa contorna.	TI	100
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	Identifica de maneira acompañada o contido e a información máis relevante de textos orais sinxelos.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproduce de memoria breves textos próximos aos seus gustos e intereses.		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Emprega a lectura como medio para ampliar o vocabulario a partir de estratexias básicas de comprensión.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Iníciase de forma segura na utilización das novas tecnoloxías para a procura da información.		
CA5.2 - Compartir oralmente a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa nas lecturas compartidas planificadas pola biblioteca e fai recomendación lectora dalgún libro.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Escribe textos sinxelos con axuda de autoinstrucións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Elementos básicos de contido (tema, léxico). - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais, utilizando recursos non verbais básicos. - Procesos: produción oral - Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais breves e sinxelos utilizando recursos non verbais elementais.

Contidos

- Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.
- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas.
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiáns; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio.

UD	Título da UD	Duración
2	I like this!	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Escribir palabras, coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos de relevancia persoal para o alumnado	PE	20
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Utilizar de forma moi guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás.	TI	80
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales como a repetición, ou a linguaxe non verbal.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Utilizar, de forma guiada estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves.		
CA2.1 - Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, sobre aspectos moi elementais do seu funcionamento.	Comparar de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas .		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer e apreciar a diversidade cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais elementais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.

Contidos

- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Convencións ortográficas elementais.
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.
- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
3	Have fun!	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples.	PE	20
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer, con apoio, palabras e expresións habituais orais e sinxelos sobre temas de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma clara e sinxela.	TI	80
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente, e con axuda, frases sinxelas con información básica sobre asuntos de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada modelos e estruturas previamente presentados.		
CA1.5 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma moi guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais		
CA1.8 - Interpretar e explicar, de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar e explicar, con apoio, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía polas e polos interlocutores		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar e aplicar, de forma moi guiada, os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Aplicar, de forma moi guiada e con apoio, os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese pola comunicación intercultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. - Convencións ortográficas elementais. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares. - Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
4	Let's celebrate together!	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer palabras en textos orais e multimodais moi sinxelos sobre temas cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, traballados na clase.	TI	100
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Utilizar de forma moi guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e contestar preguntas básicas para a comunicación.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando de forma guiada, as discriminacións, e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira. - Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O alumnado é o centro de aprendizaxe polo tanto a programación da lingua estranxeira inglés partirá das aprendizaxes previas do grupo e xirará entono aos seus intereses favorecendo o seu crecemento persoal e social.

Os nenos e nenas han de ser capaces de saber acceder aos coñecementos e aplicalos en contextos reais, para isto, lévase a cabo a aprendizaxe por competencias.

A metodoloxía pretende acercarse ao xeito natural que os nenos teñen de adquirir a linguaxe, mediante o oído e a repetición de expresións en contextos reais.

Buscarase a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e

coa lingua estranxeira.

Realizaranse proxectos significativos moi simples adaptados ao nivel educativo.

O alumnado achegarase a diversos modelos, vídeos e situacións de imitación que inclúen humor, xogos e historias motivadoras para lograr que recoñeza e repita as expresións propostas. Empregaranse as tecnoloxías dixitais e a radio escolar para favorecer a aprendizaxe do inglés.

Utilizaranse materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, tarxetas con imaxes do vocabulario das uds, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos, para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que podemos destacar a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos na lingua que queremos vaian adquirindo.

A aprendizaxe será de mellor calidade baseándose na actividade (TPR). Realizaranse pequenas dramatizacións, diálogos en parellas e en pequenos grupos.

As prácticas desenrolaranse ao redor de temas atractivos que pretenden aumentar a motivación dos nenos e nenas.

Asentarase a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

Deste xeito a metodoloxía será activa, participativa e inclusiva, tendo en conta que a fin última da linguaxe é a comunicación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Humanos: a mestra de inglés e outros invitados ou actores.
Materiais: A aula de inglés e demais espazos do centro.
Internet
Ordenador de aula, pantalla dixital, proxector, altofalantes.
Libro de texto: All About Us Now 2, Editorial Oxford e libro dixital.
Xogos diversos en inglés de diversos formatos.
Libros de lectura en inglés da biblioteca do centro.
Materiais para manualidades, cartolinas, etc.
Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar.

Alguns exemplos de materiais que se usarán en 2º poden ser:

1- Páxinas web de xogos online:

British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/fun-games>.

Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/farm-domestic-animals-vocabulary-esl-memory-game/>

<https://www.eslgamesplus.com/clothes-and-colors-esl-vocabulary-esl-crocodile-board-game/>

<https://www.funenglishgames.com/>

Outros tipos de xogos:

-Memory.

-Teacher (your name) says / Simon Says

-Match it.

-Guess it.

-What's missing?

2- Historias e contos publicados na rede, como:

"Winnie the witch" https://www.youtube.com/watch?v=PXVpFmsF_Ks

"Pete the cat and the missing cupcakes" <https://www.youtube.com/watch?v=1mbrEhOmow0>

"Not now, Bernard" https://www.youtube.com/watch?v=cNZFI_2TDOo

3 - Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado)

+ De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas:

* adiviñar a tarxeta;

* memory game;

* bingo

* facer parellas

+ De taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar:

- Snakes and ladders.

- Noughts and crosses.

- Scrabble.

-Crazy Chefs

-Pictionary

-Who am I?

+ Dominós relacionados cos diferentes temas que vaiamos traballando ao longo do curso.

4 - Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí:

+ xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota,

+ xogos de rol,

+ xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números,

+ xogos de localización e movemento no espazo.

5- Libros de lectura, principalmente contos pero tamén poesía: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente. Recomendamos libros publicados por editoriais dos países da LE que estamos traballando, destinados a nenos e nenas desta idade e máis novos.

"Guess how much I love you" Sam Bratney

"The Snowman" Raymond Briggs.

"Susan laughs" Jeanne Willis

"Mary Poppins ,Up, Up and Away" Helene Druvet

"Something else" Kathryn Cave.

"Little Bo Peep troublesome sheep" Cressida Cowell

"Ketchup on your Cornflakes" Nick Sharrat

"I am a tiger" Karl Newson.

"Not me" Nicola Killen.

"Dogs" Emily Gravett.

"Animal pants" Brian Moses.

"Not now ,Bernard" David Mckee.

6- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra-e.

Por exemplo:

+ Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais

+ Genially: <https://genial.ly/why-genially>

+ Canva: https://www.canva.com/es_419/

+ Ferramentas que nos ofrece Google para a escola

8- Encerado dixital interactivo - smart board

Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase

xa é motivador, a partir daí todo son posibilidades.

9 - Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior uso na escoita e comprensión.

10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.

Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

11- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

12- Rimas e cancións: permítennos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica e resultan motivadoras para todos os niveis educativos.

Cancións:

"All together now" Beatles.

"Hello, Goodbye" Beatles.

"Baa ,Baa, Black Sheep"

"Count to one hundred"

Rimas:

"See you later, alligator!"

"Diddle, diddle dumpling my brother John"

"Humpty Dumpty

"Star light, star bright" ...

13- Actividades DUA: actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial usarase como un punto de partida para o desenrolo da programación deste nivel.

Realizarase nas primeiras semanas do curso para coñecer o nivel competencial do alumnado, mediante probas para valorar as catro destrezas na lingua inglesa: comprensión oral, expresión oral, comprensión lectora e escritura. Comprobarase o coñecemento dalgúns temas do nivel anterior e avaliaranse mediante táboas de valoración.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	30	10	100
Proba escrita	0	20	20	0	12
Táboa de indicadores	100	80	80	100	88

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referente o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, xogos, diálogos, traballos en grupo, individuais, dramatizacións, realización de actividades, proxectos...

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas;

+ 1,2,3,4 décimas; o número enteiro quedaría como está.

+5,6,7,,8,9 décimas; ao número enteiro se lle engade 1 unidade.

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua será obtida no terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha avaliación negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo aos seguintes criterios de recuperación.

Realizará unha serie de actividades que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 100% da cualificación final.

6. Medidas de atención á diversidade

Dado que non todo o alumnado aprende da mesma maneira e ao mesmo ritmo, realizaranse actividades a distinto nivel:

-Actividades programadas para todo o grupo.

-Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.

-Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.

-Xogos adicionais con cartas, taboleiros...

Adaptaranse as actividades tanto para o alumnado con ritmo máis lento ou para o máis receptivo.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se poderán facer adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Promoverase o traballo inclusivo e cooperativo na área de Lingua Estranxeira dentro da aula e fora dela.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora		X	X	
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual e TIC.			X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.4 - Educación emocional e valores	X			X
ET.5 - Fomento da creatividade e espírito científico		X	X	
ET.6 - Educación para a saúde			X	
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres		X		X

Observacións:

Nesta programación-guía só seleccionamos estes pero teñamos en conta que os elementos transversais xa están seleccionados nun artigo do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria en Galicia. Corresponde ó profesorado escoller e relacionalos ou non coas UD da área; ademais, algúns elementos transversais terán máis peso nunhas unidades ca noutras.

Por outro lado, cada centro educativo ou mestra/e escollerá o tema ou temas a tratar e o momento máis axeitado ao longo do curso pero tamén pode ocorrer que un tema non previsto sexa importante abordalo nun momento dado por unha cuestión de actualidade.

Na área de LE cómpre aproveitar o momento no que un tema transversal sexa abordado na aula pola mestra/e titora sendo, pois, necesaria a coordinación tanto para escoller o contido coma decidir a maneira de tratalo co grupo.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Halloween Project	Achegarse as tradicións desta data a través de actividades varias.	X		
Christmas Project	Participar en cancións e xogos do Nadal de países anglofalantes.	X		
Carnival Parade	Representar tradicións diversas do entroido.		X	
Easter	Realizar actividades referidas a esta festa para entender as costumes do país.		X	

Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre os dous mestres. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula para ampliar vocabulario e expresións en LE.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo do alumnado de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL..

Descrición:

Non se avaliará só ao alumnado, senón tamén á programación didáctica e a miña práctica docente, co fin de aportar calidade ao proceso e melloralo. Para iso empregaranse indicadores de logro, tendo en conta, entre outros aspectos, se as actividades foron motivadoras, se a atención á diversidade foi correcta, a progresión dos contidos foi adecuada, os recursos resultaron variados ou se a avaliación é útil e proporciona información relevante.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoráranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, co gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé nas análises das cualificacións obtidas nos trimestres.

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo de 1º ciclo será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004484	CEIP Plurilingüe da Laxe	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	2º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	23

1. Introducción

A presente programación didáctica da área de Lingua Galega, está pensada para poñerse en práctica durante o curso escolar 2023-24, vai destinada para un grupo de alumnos e alumnas de 2º curso da etapa de Educación Primaria (7 e 8 anos). Coa finalidade de ofrecer aprendizaxes significativas e proporcionar unha educación adaptada, esixente, integral e de calidade.

Este documento, entendido como un instrumento aberto e flexible, servirá para concretar un plan de actuación e guiar así o proceso de ensinanza- aprendizaxe.

Cabe salientar a importancia da área de Lingua Galega pois ten como obxecto contribuír ao desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado, achegándolle os recursos necesarios para integrarse e participar de forma activa na sociedade na que vive.

Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en seis bloques temáticos:

Bloque 1: A lingua e os seus falantes.

Bloque 2: Comunicación oral.

Bloque 3: Comunicación escrita.

Bloque 4: Alfabetización mediática e informacional.

Bloque 5: Educación literaria.

Bloque 6: Reflexións sobre a lingua e os seus usos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aos fogóns!	Expresión oral: conversamos sobre os nosos gustos e preferencias alimentarias. Comprensión lectora: identifica os ingredientes e comprende a elaboración dunha receita. Vocabulario: as estacións. Lectoescritura: consolidación da lectoescritura. Gramática: Uso das maiúsculas. Literatura: características dos contos tradicionais.	18	24	X		
2	Xa estamos no Nadal.	Expresión oral: expresamos os nosos gustos e preferencias sobre a decoración navideña. Comprensión lectora: comprende o sentido global dun conto navideño e identifica os seus personaxes. Vocabulario: elementos decorativos. Lectoescritura: consolidación lectoescritura. Gramática: a frase e a oración. Literatura: as lendas e as súas características.	18	24	X		
3	Xogando tamén se aprende.	Expresión oral: consensuamos as normas de diversos xogos tradicionais. Comprensión lectora: comprendemos as instrucións dos xogos. Vocabulario: os xogos tradicionais. Lectoescritura: consolidación da lectoescritura. Gramática: o substantivo e as súas clases. Literatura: características das fábulas. A molares.	18	24		X	
4	Disfrazámonos?	Expresión oral: conversamos sobre as tradicións na celebración do entroido. Comprensión lectora: Identificamos as ideas principais dun texto informativo. Vocabulario: diminutivos e aumentativos. Lectoescritura: consolidación da lectoescritura. Gramática: Os artigos determinados e indeterminados. A concordancia entre os artigos e substantivos. Literatura: os textos informativos.	18	24		X	
5	Avoa, recítame unha poesía.	Expresión oral: intercambiamos opinións sobre a nosa experiencia lectora. Comprensión lectora: A poesía. Vocabulario: os sinónimos e os antónimos Lectoescritura: consolidación da lectoescritura Gramática: o adxectivo. Literatura: a rima consoante e asoante.	14	22			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	A debuxar!	Expresión oral: participamos na invención de diálogos. Comprensión lectora: comprendemos o significado das viñetas dun cómic. Vocabulario: as onomatopeias. Lectoescritura: consolidación lectoescritura. Gramática: o verbo. Presente, pasado e futuro. Literatura: os cómics.	14	22			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Aos fogóns!	24

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	100
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido, da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para unha mellor comunicación oral.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais e distintos soportes para a procura da información.	Expón a información recollida sobre os beneficios que obtemos coidando o medio ambiente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses.	Utiliza a biblioteca de aula e de centro , de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses e como fonte de lecer.		
CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras da literatura galega, acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Le , de maneira acompañada, textos literarios sinxelos e variados de diferentes autores e autoras adecuados aos seus intereses.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas) e recoñecéndooas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Interpreta adiviñas e pequenos refránx traballados na aula.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Relaciona o aprendido nunha lingua con outra.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Procesos: produción oral - Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos. - Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos. - Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Contexto - Estratexias para a coherencia textual na produción de textos escritos, en lingua galega. - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) no acto comunicativo. - Procesos: comprensión lectora - Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo. - Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.

Contidos

- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal, con textos propios da literatura galega.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.
- Procesos: produción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de fontes.
- Modelos explícitos para reelaborar de forma acompañada a información.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, especialmente en lingua galega, adecuados aos seus intereses.
- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida das obras (contos, lendas e adiviñas) a través de conversacións dirixidas, valorando a diversidade cultural.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados, prestando especial atención ás relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados mobilizando estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.
- Estratexias e técnicas básicas de recoñecemento da intención comunicativa.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
2	Xa estamos no Nadal.	24

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, particularmente os relacionados co galego/castelán, a partir da observación da contorna.	Valora a riqueza lingüística da lingua na súa contorna.	TI	100
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	Identifica de maneira acompañada o contido e a información máis relevante de textos orais sinxelos.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproduce de memoria breves textos próximos aos seus gustos e intereses.		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, especialmente en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Emprega a lectura como medio para ampliar o vocabulario a partir de estratexias básicas de comprensión.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Iníciase de forma segura na utilización das novas tecnoloxías para a procura da información.		
CA5.2 - Compartir oralmente a experiencia pola lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa nas lecturas compartidas planificadas pola biblioteca e fai recomendación lectora dalgún libro.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Escribe textos sinxelos con axuda de autoinstrucións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Elementos básicos de contido (tema, léxico). - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.

Contidos

- Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais en lingua galega, utilizando recursos non verbais básicos.
- Procesos: produción oral
- Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
- Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos dos meus alumnos.
Propoño aos meus alumnos distintas actividades (de diagnóstico, de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de recuperación, de ampliación e de avaliación).
Metodoloxía empregada
Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa para realizar, dos recursos para utilizar..., controlando sempre que o adecuado clima de traballo.
Reviso e corrijo frecuentemente os contidos, actividades propostas - dentro e fose da aula, adecuación dos tempos, agrupamentos e materiais utilizados.
Medidas de atención á diversidade
Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos, os seus ritmos de aprendizaxes, as posibilidades de atención, etc, e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensino-aprendizaxe (motivación, contidos, actividades, ...).
Clima de traballo na aula
Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos e acepto as súas suxerencias e achegas, tanto para a organización das clases como para as actividades de aprendizaxe.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordínome con outros profesionais (profesores de apoio, Equipos de Orientación Educativa e Psicopedagóxica, Departamentos de Orientación), para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos e aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.

Descrición:

Non só se avaliará ó alumnado, tamén se avaliará a programación didáctica e a práctica docente, co fin de aportar calidade ó proceso e melloralo. Para iso, empregaranse indicadores de logro, tendo en conta, entre outros aspectos: se as actividades foron motivadoras, a atención á diversidade foi correcta, a progresión dos contidos adecuada, os recursos resultaron variados, ou se a avaliación é útil e proporciona información relevante.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A revisión realizarase trimestralmente e sempre con datos realistas. Esta revisión realizarana os titores do nivel segundo aos seus resultados reais de avaliación. Deste xeito, os titores realizarán a revisión da programación e unha vez analizada por estes, remitirase á Xefatura de Estudos, que a elevará á Comisión de Coordinación Pedagóxica na que se producirá unha revisión e análise das mesmas a nivel de centro

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004484	CEIP Plurilingüe da Laxe	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	2º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A programación didáctica é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre todo o profesorado. Partindo dos referentes legais e do currículo oficial vixente, Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro (que modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio) e o correspondente D. 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, elabórase esta Programación Didáctica de Música e Danza para o 2º curso de Educación Primaria, durante o curso 2023/2024 regulado pola Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar en Galicia.

A área de Educación Artística (Música e Danza e Ed. Plástica e Visual) na educación primaria é de especial relevancia xa que desencadea mecanismos que permiten desenvolver distintas capacidades que inflúen directamente na formación integral do alumnado, tanto de xeito individual coma grupal. Neste senso, a área de Música e Danza que se imparte en lingua galega, desenvólvese a través dunha dobre dimensión (reflexiva e creativa) e persegue que os discentes descubran, analicen, comprendan e valoren as manifestacións culturais propias e alleas, sen obviar o punto de vista da experimentación, a expresión e a produción artística como medio lúdico, creativo, comunitario e social.

O CEIPP da Laxe é un centro público de Educación Infantil e Primaria, situado no concello de Marín, Pontevedra. Está formado por 2 aulas mixtas de infantil e 6 de primaria. O alumnado para o cal se elaborou esta programación é o curso de 2º EP, formado por 16 nenos e nenas, tres deles de nova incorporación.

A presente programación consta de 3 unidades didácticas tal e como se detalla no punto 3.1. O fío condutor desenvólvese baixo o título «Batuta viaxeira» e enmárcase no proxecto de biblioteca «MarabillARTE» que permitirá ao alumnado achegarse aos países onde se atopan as 7 marabillas do mundo modernas. A narrativa segue unha temporalización trimestral: 1. Despegue, 2. Cruceiro e 3. Aterraxe. Ao longo da viaxe farase especial fincapé no traballo das diferentes manifestacións artísticas musicais e danzas do mundo como fonte de variedade e riqueza cultural, artística e social, de sorte que esta materia exerza de axente solidario e

cohesionador social entre o alumnado.

Para o seu desenvolvemento polos catro bloques de contidos que conforman esta área de coñecemento (1.Educación musical: percepción e análise; 2. Educación musical: creación e interpretación; 3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise; e 4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación) contamos coa contorna próxima e as instalacións e programas educativos do propio centro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	DESPEGUE	Durante o primeiro trimestre, o alumnado viaxará a México e China para aproximarse a súa cultura musical. Aproveitaremos para retomar e incidir nas dinámicas e rutinas de traballo, a responsabilidade e coidado do material, así como na recepción activa e a vivencia dos elementos básicos da música e da danza.	30	12	X		
2	CRUCEIRO	Durante o segundo trimestre, a pasaxe continuará o seu plan de voo con escala en Brasil e India. Proseguirase o traballo iniciado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza a través do achegamento a cultura musical de ambos países.	30	11		X	
3	ATERRAXE	O plan de voo chegará ao seu fin tras facer escalas en Italia e Perú e desenvolver e afianzar os elementos traballados nas anteriores unidades a través das manifestacións artísticas destes dous lugares.	40	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	DESPEGUE	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descubrir propostas artísticas musicais de Italia e Perú, a través da recepción activa e mostrando respecto por estas.	TI	100
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, empregando o vocabulario específico básico destas.	Describir, con apoio docente, elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais mexicanas e chinesas.		
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Recoñecer e representar elementos da linguaxe musical: clave de sol, pentagrama e grafía convencional, pulso, sons fortes e pianos, sons longos e curtos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción e realización de actividades musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras imitando, en espello, os movementos corporais e seguir os movementos e indicacións da persoa docente.		
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Utilizar, de maneira guiada, elementos fundamentais da linguaxe musical.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar grupalmente na creación e interpretación dunha pequena composición.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descubrir propostas artísticas de baile e danza de México e/ou China.		
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, incluíndo as principais profesións vinculadas ás artes escénicas e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Identificar e discriminar entre baile ou danza individual, en parella e grupal en cada unha das manifestacións seleccionadas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras seguindo os movementos e indicacións da persoa docente.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar, de maneira guiada, na composición e interpretación dunha pequena coreografía.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde - Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. - O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expresión e diversi - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
2	CRUCEIRO	11

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descubrir propostas artísticas musicais de Brasil e India, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	TI	100
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Clasificar e representar elementos fundamentais da linguaxe musical: clave de sol, pentagrama e grafía convencional.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción e realización de actividades musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras imitando os movementos corporais e seguir os movementos e indicacións da persoa docente.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar os sentimentos e emocións experimentados tras a audición de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Utilizar, de maneira guiada, elementos fundamentais da linguaxe musical.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar grupalmente na creación e interpretación dunha pequena composición.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descubrir propostas artísticas de baile e/ou danza propios de Brasil e India.		
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, incluíndo as principais profesións vinculadas ás artes escénicas e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Descubrir propostas artísticas de Brasil e India, identificando as profesións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras seguindo os movementos e indicacións da persoa docente.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar, de forma guiada, ideas, sentimentos e emocións tras o visionado de danzas ou bailes.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar en grupo na composición e interpretación dunha pequena coreografía.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de graffas non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.

Contidos

- Linguaxes musicais básicas: progreso no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos máis elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos.
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expresión e diversi
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
3	ATERRAXE	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descubrir propostas artísticas musicais de Italia e Perú, a través da recepción activa.	TI	100
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Recoñecer e representar elementos da fundamentais da linguaxe musical: .		
CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participar na elaboración dun mural grupal sobre a música de Italia.		
CA1.5 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Compartir as sensacións sobre as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción e realización de actividades musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras imitando, en espello, os movementos corporais e seguir os movementos e indicacións da persoa docente.		
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Utilizar, de maneira guiada, os elementos fundamentais da linguaxe musical na interpretación das distintas propostas.		
CA2.5 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Participar grupalmente na creación e interpretación dunha pequena composición.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Gozar coas experiencias creativas musicais realizadas.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descubrir propostas artísticas de baile e danza a través da recepción activa.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participar na elaboración dun mural grupal sobre a música de Italia.		
CA3.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Identificar, de xeito guiado, o significado das manifestacións escénicas e performativas propostas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras seguindo os movementos e indicacións da persoa docente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Participar en grupo na creación e interpretación dunha pequena coreografía.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Gozar coas experiencias creativas musicais realizadas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de grafas non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música. - Recursos dixitais básicos para música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación básicas. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde - Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas. - Recursos dixitais básicos para as artes escénicas e performativas.

Contidos

- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos.
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expresión e diversi
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o «Artigo 16. Principios metodolóxicos» do Decreto 155/2022, a metodoloxía didáctica proposta está baseada nunha aprendizaxe competencial encamiñada a acadar os obxectivos da materia e as competencias clave relacionadas. Trátase dunha metodoloxía fundamentalmente comunicativa (xa que oferta a posibilidade de comunicación para tomar parte nas decisións), inclusiva (adaptada ás peculiaridades do propio centro escolar, ás necesidades atopadas e a realidade), activa (en canto que é dinámica) e participativa (pois exerce coa colaboración de tódolos axentes implicados).

A nosa acción educativa, mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa cultura musical do país no que se ubican as marabillas modernas do mundo, procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, tendo en conta os diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe e fomentando a capacidade de aprender, o traballo colaborativo e en equipo e a aprendizaxe significativa. Para elo, deseñaranse actividades variadas e flexibles que partan dos coñecementos previos e do desenvolvemento evolutivo e idade do alumnado tanto no eido musical como no eido da danza e o movemento. En xeral, as actividades basearanse nas diferentes correntes pedagóxicas do s. XX adaptadas ao noso tempo como, por exemplo, Dalcroze nas actividades de movemento, Orff nas prácticas instrumentais e no valor rítmico e expresivo da linguaxe, Kodàly coas sílabas rítmicas, Willems coas cancións, Wuytack cos musicogramas, Montessori, na educación dos sentidos (tacto e oído); ou Cabezas, versionado por Ramsell, coa correspondencia nota-cor.

En todo estes procesos a mestra actuará como guía e facilitadora da

aprendizaxe, observando as necesidades, capacidades e intereses de cada alumno/a e ofrecendo as oportunidades para desenvolverse de forma autónoma e eficaz.

A estrutura dos tempos de cada sesión estará condicionada polas actividades programadas e as diferentes capacidades, intereses e ritmos do alumnado. Distínguese, en termos xerais, o seguinte esquema temporal: actividades de quecemento ou rutinas (como quecemento e automatización de exercicios); actividades de introdución (orientadas á exploración de ideas e coñecementos previos), actividades de desenvolvemento (para traballar os contidos e procedementos da sesión), actividades de consolidación (orientadas a consolidar as actividades e avalialas), actividades de reforzo e recuperación e/ou actividades de ampliación.

Para á organización dos espazos e agrupamentos contamos cun aula ampla, luminosa con forma rectangular. Arredor da alfombra central dispoñerémonos en corro ou forma de U para realizar as actividades de quecemento e introdución e o resto de exercicios de movemento, práctica vocal, instrumental e escénica así como xogos. Na zona de mesas adicarémos a tarefas de investigación e composición musical, entre outras. O alumnado será agrupado en función das necesidades que suscita a resposta á diversidade e a heteroxeneidade das actividades, podendo realizarse diferentes variantes: individual ou parella, grupo pequeno (equipos que non superen os catro ou cinco membros), grupo mediano (alude ao grupo clase) e gran grupo (nas actividades realizadas por todo o centro educativo).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais: mestra especialista, mestra titora, coidadora e familias. Persoas externas de empresas, institucións, etc.

Recursos materiais: instrumentos de placas (como xilófonos e metalófonos baixos, altos e sopranos, así como carillóns altos e sopranos), de pequena percusión de metal (triángulos, pratos, crótalos...), de madeira (maracas, castañolas, güiro, claves, caixas chinesas...), e de pel (pandeiros, pandeiretas, caixa, timbais, bombo...). Tamén hai instrumentos electrónicos como un teclado ademais de boomwhackers, campás e abundantes baquetas. Contamos ademais con material funxible (lapis, rotuladores, ceras, cartolinas, folios, plastilina...) e un variado e abundante material didáctico (libros de lectura e consulta, xogos, posters de figuras, notas musicais, abecedario musical, láminas, fotografías...). O material propio do alumnado, relacionado con fichas, traballos e partituras deberá ser gardado nun cartafol individual do que o alumnado debe facerse responsable.

Recursos tecnolóxicos e dixitais: ordenador con conexión a internet, cadea musical, encerado (liso e dixital) e proxector; vídeos e cancións; materiais interactivos...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo durante as primeiras tres ou catro sesións co obxectivo de coñecer o punto de partida do alumnado, os seus intereses e detectar posibles dificultades ou necesidades.

Partirase dos informes individualizados do alumnado, a información aportada pola titora, as reunións co DO así como a execución guiada dunha selección específica de actividades e dinámicas (enquisa, xogos, exercicios, cancións...). Consecuencia dos resultados poderanse adoptar medidas individuais ou colectivas como as que seguen: reforzos nos diferentes bloques de contidos, adaptación dos instrumentos e das rúbricas, realización de actividades de ampliación ou reforzo e/ou adaptación do repertorio e danzas a traballar.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

O referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado en cada unidade serán os criterios de avaliación en tanto en canto describen aquilo

que se quere valorar e que o alumnado debe lograr en coñecementos e en competencias. Para poder realizar o seguimento do grao de logro do noso alumnado respecto dos criterios empregaranse distintos métodos/procedementos de avaliación tales como: observación sistemática, intercambios orais e análise das producións do alumnado.

Os instrumentos de avaliación nos que se recollerán a información obtida por medio de tales procedementos serán as táboas de indicadores tales como rúbricas, escalas de observación ou listas de cotexo nas que se especificará o grao de consecución dos diferentes indicadores de logro nas producións do alumnado (interpretación e creación dos exercicios musicais propostos) así como nas probas específicas (traballos e probas específicas como fichas, enquisas ou cuestionarios, entre outras).

A cualificación corresponderá á media das cualificacións obtidas nas escalas de valoración do trimestre en base o grao de consecución dos criterios de avaliación por medio dos procedementos e instrumentos anteriormente especificados e resumirase nunha nota numérica (de 1 a 10). O grao mínimo de consecución de cada criterio para acadar unha avaliación positiva (5) queda recollido no apartado 3.3. Avaliación das unidades didácticas.

A cualificación final coincidirá coa da terceira avaliación, debido á aspiralidade dos contidos e o carácter continuo da avaliación. Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de IN (1, 2, 3, 4), SU (5), BE (6), NT (7, 8) e SB (9, 10).

Criterios de recuperación:

No contexto dun proceso de avaliación global, continúa e formativa, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo.

En caso de que o alumno/a non acadese o mínimo de consecución dalgún criterio este poderá ser recuperado de xeito meramente progresivo ou ben de cara á avaliación final (en xuño). En ambos casos a recuperación do criterio non acadado será a través do mesmo tipo de instrumento de avaliación empregado. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.

6. Medidas de atención á diversidade

Segundo especifica o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, e a orden do 8 de setembro do 2021 polo que se regula a atención a diversidade nos centros educativos de Galicia, a intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, polo que se deben garantir actuacións educativas dirixidas a dar respostas ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxes, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais do alumnado.

Así mesmo, as medidas establecidas tamén poden afectar a elementos curriculares non significativos e a aspectos organizativos que van dende o axuste continuo de estratexias de ensino-aprendizaxe á organización do traballo na aula, pasando pola realización constante de actividades de reforzo e ampliación para a atención xeral da diversidade.

As medidas adoptadas basearanse nunha metodoloxía experiencial e vivencial e tratarán de fomentar valores de confianza, empatía e tolerancia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Prestarase especial atención ao principio de igualdade, poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial atención nos libros de texto e materiais educativos.	X	X	X
ET.2 - Traballarase a comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X
ET.3 - Promoverase a igualdade entre mulleres e homes e a educación para a paz.	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.4 - Prestarase especial atención á orientación educativa e á educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.5 - Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.	X	X	X
ET.6 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos.	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Timbre musical	Organización, atendendo a criterios educativos, da selección musical do timbre en función do calendario, marabilla, efeméride, aniversario e/ou festividade a traballar.	X	X	X
Concertos	Asistencia a concertos e representacións musicais axeitadas a cada curso educativo, dentro e/ou fóra do centro.	X	X	X
Obradoiros	Realización de talleres adicados a algún aspecto musical.	X	X	X
Conmemoracións	Colaboración e participación nalgunhas das conmemoracións incluídas na PXA do curso escolar 23/24 como por exemplo o Entroido ou a Semana das Letras Galegas.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A relación entre os elementos curriculares é coherente e a temporalización axeitada.
Metodoloxía empregada
As propostas formuladas resultan motivadoras para o alumnado e favorecen a súa participación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A organización dos espazos e materiais resulta axeitada.
Medidas de atención á diversidade
Os programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación son eficaces.
Clima de traballo na aula
Hai un bo clima de traballo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Colabórase coa comunidade educativa.

Descrición:

O proceso de ensino-aprendizaxe require un seguimento continuo dos seus avances co obxectivo de detectar a tempo aquelas iniciativas ou metodoloxías que non están tendo o resultado desexado e corrixir os erros que se atopan.

Segundo o artigo 21 do Decreto 155/2022, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a propia práctica docente, para o cal establecemos indicadores de logro.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens atendendo aos seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
 - UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.

- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.

- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

